

Nota de Prensa **Galería NÉBOA**

Xoves, 11 de abril do 2024, Lugo

- Exposición: ***Un lugar desprazado coma o meu corpo*** de **Sabela Eiriz** na Galería NÉBOA
- Inauguración: **venres 19 de abril ás 19:00h** na Rúa Lamas de Prado 31, Lugo
- Mostra do **19 de abril o 29 de xuño do 2024**

O vindeiro **venres 19 de abril ás 19:00h** a **Galería NÉBOA** inaugura a mostra individual ***Un lugar desprazado coma o meu corpo*** de **Sabela Eiriz**.



Sabela Eiriz, ST da serie *Un lugar desprazado coma o meu corpo*,
fotografía dixital, impresión en tintas pigmentadas sobre papel de algodón 210g, 40 x 60 cm., 2024

“Digo «**lugar**» e estou mentindo, porque este sitio non existe. Este limbo (que nin é urbanita nin é rural) ubícase nunha nota ao marxe que pasa desapercibida na lectura. **Non existe nos mapas porque se reflicte nos corpos**: é a terceira beira dun regato artificial, no medio do medio. Tampouco hai ubicación temporal: quedamos **suspendidas nun retorno eterno**, na busca perenne dun oco na vida. Unha ollada ou un reflexo dilátanse na imaxe, coma se estiveran agardando pacientemente a que alguén veña e as mire, a que alguén as vexa”. Sabela Eiriz.



Sabela Eiriz, S/T serie *Un lugar desprazado coma o meu corpo*, Tríptico fotográfico, Impresión en tintas pigmentadas sobre papel de algodón 210g, 28 x 105 cm, 2024

Sabela Eiriz (Lugo, 1991) é unha artista multidisciplinar que traballa fundamentalmente coa fotografía, a escritura e o vídeo, cunha linguaxe baseada na poética, nas posibilidades expresivas das imaxes e na hibridación de formas e formatos. No seu traballo, combina unha aproximación conceptual cun hábito contemplativo, entrelazando experiencia, pensamento e emoción. **A memoria, o tempo, a identidade, así como a metarreflexión sobre a imaxe e os procesos creativos, son protagonistas habituais nos seus proxectos.**

NÉBOA

Graduada en **Comunicación Audiovisual** pola Universidade de Santiago de Compostela, especializouse nos mestrados de Fotografía e Deseño pola Elisava Facultad de Deseño e Ingeniería de Barcelona; Estudos Comparados de Literatura, Arte e Pensamento pola Universitat Pompeu Fabra de Barcelona e Profesorado de Artes Visuais pola Universidade da Coruña. Eiriz é **Doutora en Artes e Educación** pola Universidade de Granada, e na actualidade compaxina a súa labor artística co seu traballo como fotógrafa e videógrafa e coa docencia na Universidade da Coruña.

A súa traxectoria sempre foi multidisciplinar, iniciándose no eido do teatro e movéndose posteriormente ao terreo audiovisual e fotográfico. Así, ten participado en diversas exposicións, individuais e colectivas, residencias e visionados co seu traballo fotográfico, así como en mostras e proxeccións audiovisuais. A súa obra está presente en coleccións como a **Fundació Vila Casas** ou a **Rede Museística Provincial de Lugo**.



Sabela Eiriz, ST da serie *Un lugar desprazado coma o meu corpo*,
fotografía dixital, impresión en tintas pigmentadas sobre papel de algodón 210g montada en cartón pluma 14 x 17,5 cm, 2024

EXPOSICIÓN: ***Un lugar desprazado coma o meu corpo*** de **Sabela Eiriz**

INAUGURACIÓN: **venres 19 de abril ás 19:00h**

LUGAR: **Galería NÉBOA** (Lamas de Prado 31, Lugo)

DATAS DA EXPOSICIÓN: **19 ABRIL – 29 XUÑO, 2024**

CONTACTO

Alba López Porto

info@galerianeboa.com

T. 626 324 281